


# Visións dun fotógrafo galego nos Encuentros de Photoespaña

## ARTE

XACOBE MELÉNDREZ



O pasado 9 de xuño deu comezo o festival fotográfico Photoespaña 2010. Con sedes en Madrid, Cuenca y Lisboa, rematará o vindeiro 25 de xullo. Este ano a programación temática xira en torno ao tempo, proposta do comisario xeral Sérgio Mah –que con esta edición remata o seu ciclo de tres anos–. Un programa expositivo que pon énfase na fotografía en relación coa experiencia e a percepción temporal.

Pero é o festival tamén un punto de encontro e referencia dentro do mundo dos propios fotógrafos e quizais acada a súa expresión máxima nos “Encuentros PHE”. Este ano foron dirixidos polo propio presidente, Alberto Anaut, e pasaron revista á “Fotografía española: el estado de la cuestión”, a súa historia dende 1920. Conferencias e presentacións cos colaboradores de referencia no festival dende o seu comezo, o que limita a diversidade de visións, que disertaron sobre as súas visións dos distintos períodos e fixeron unha predicción do que van ser os próximos anos. Reflexións pasadas polo filtro de Madrid, con derivacións inevitables a Cataluña e Almería, e pouco máis... En todo caso constátase que salvo para aventuras fallidas e que non se repetirán, como PhotoGalicia, ou uns poucos autores, como Manuel Vilariño no seu momento, a nosa fotografía non ten visibilidade en PHE.

Pero como nós si temos a mirada periférica dos 360°, o interese e a curiosidade de coñecer aos demais para situarmonos no mundo, achegámonos con mentalidade

aberta a estas xornadas nas que se destacarían reflexións que nos podemos aplicar, como a de Manuel Santos, que, citando un proverbio africano (“Mentres os leóns non teñan historiadores, a historia seguirá a xustificar aos cazadores”), pretendía reclamar o protagonismo dos propios fotógrafos.

Alejandro Castellote remarcou o sentimento da súa xeración de “chegar sempre tarde” e a teima fraticida de desfacerse do pasado fotográfico, que acabou callando nunha falla de identidade propia e nun mirarse nos tópicos anglosaxóns: “Enchimos os nosos desertos con campos de glóf”. A pesares do seu posicionamento antinacionalista, reclamou un mirar aos países da periferia, a Latinoamérica especialmente, ás súas

## RETOS

“Temos que superar o individualismo posmoderno e darnos visibilidade fóra de Galicia”

propostas de integración e suma de identidades: “Recuperar a autoestima colectiva xerará propostas diverxentes” ou “Foi un erro vencellar a nosa identidade criativa a Occidente, ese termo que engaiola tanta tristeza e decadencia”. Na liña desta reflexión non pode deixarse de coñecerse unha proposta absolutamente fóra de PHE10 que se exhibe en La Tabacalera de Lavapiés até o 11 de xullo, E.CO (“Encuentro de Colectivos Fotográficos Euroamericanos”). Tamén mirando a América Latina son efectivas as propostas feitas dende o Instituto Cervantes e a AECID, que este ano contribúe a PHE10 coa exposición colectiva “Encubrimientos”, do programa Trasatlántica.

“O mercado do fotógrafo de



prensa desapareceu”, afirmou Caujolle, e parecía referirse con iso a todo o que el considera como “fotografía pura”, e subliñou a necesidade de buscar novas estratexias máis aló de impartir workshops ou charlas. Incidiu tamén na idea de que hoxe por hoxe non ten sentido o falar de identidade nacional –estaba a falar de “fotografía española”–. Christian Caujolle marca unha estratexia baseada na análise dos territorios aos que van dirixidos os mercados: Estados Unidos, a vella Europa ou especialmente os países emerxentes, Brasil, China ou a India. A súa aposta alíñase con Oriente e presentou o seu traballo de comisariado do Photo Phnom Penh, festival anual de Camboia dende 2008 que busca o contacto entre fotógrafos orientais e occidentais.

Rafael Doctor referiuse aos museos de arte contemporánea, nos que viña traballando até o de agora, como institucións carcas e desfasadas, e propuxo romper coa liñalidade xa caduca da comunicación artística –o artista que crea,

o crítico que ve e o galerista que vende– buscando novas alternativas tanto virtuais en internet, como abrindo novos espazos na realidade (en Galicia xa se están explorando novos territorios con iniciativas como a dos Espontáneos, Paralelo 43° 21'45” A Coruña e outras propostas de “arTeu, arte+sociedade”).

Joan Fontcuberta analizou a presenza da fotografía nas teses doutorais que se presentaron no Estado, o que lle serviu para corroborar o pouco entusiasmo que despertan entre os doctorandos. Reafirmouse na idea de que a fotografía perdeu a función de veracidade e memoria. Blandindo o título da súa conferencia (“Por unha fotografía sen calidade”) presentou os seus “reflectogramas”: autorretratos a través dos reflexos nos espellos que os autores e protagonistas realizan e colgan na rede sen vocación de perdurabilidade nin autoría. O fotógrafo pasa a ser un “prescritor” (curator) que administra as imaxes doutros para enfiar un discurso que se ofrece en forma de exposición ou de libro (“A través del espejo”, La oficina de ediciones): “Non ten sentido facer máis fotografías, senón saber manexalas”.

Entre conferencia e conferencia, presentacións de traballos de novos e vellos autores: Ramón Masats, Cristobal Hara, Cristina García Rodero, Leopoldo Pomés, Miguel Trillo, Garcé Alix, Navia, Ricky Dávila, Pierre Gonnord..., centos de fotografías e diferentes xeitos de achegarse a ela, case que todos dende a reportaxe e o retrato, con visións pouco anovadoras.

Poderíamos pois falar dos en-

contros dun festival que na súa XIII edición tenta desfacerse da carga que lle supón o “E” coa afirmación de que “as raíces identitarias deben ser o mundo inteiro”. Non sería pois de estranar que mudara en algo a súa marca, como fixera xa na súa VII convocatoria, na que ao subtítulo de “Festival Internacional de Fotografía” engadiu o de “y Artes Visuales”, pero pode que a idea xa quedara recollida –se cadra dun xeito pouco concreto– na palabra “internacional”, aínda distante da idea de “globalización” proposta e ambicionada.

Vemos o traballo que nos queda por facer: superar o individualismo posmoderno e darnos visibilidade fóra de Galicia, un labor que nos compete como fotógrafos e que tamén depende de apostas decididas da Administración galega, que deberían ser comparábeis ás do Ministerio de Cultura, a AECID ou o Instituto Cervantes. Eiquí hai moito camiño andado, moita tarefa adiantada no Outono Fotográfico (O.F.), que na suá XXVIII edición segue a preparar un entusiasta Benito Losada co exiguu presuposto de sempre, cartos pouco máis que para a edición de 1.000 exemplares dos seus fabulosos catálogos. No O.F. 2009 superáronse os 400 fotógrafos, organizados en 48 exposicións individuais e 36 colectivas ao longo da xeografía galega, e tamén en Portugal e Catalunya, acompañadas de cursos, concursos, proxeccións e outras actividades, números nada desdeñábeis conseguidos dende a precariedade económica, á que faría falla achegar vontades políticas e recursos dende a administración que nos compete.

## Organización do PHE10

■ Prográmanse 69 exposicións, cun total de 379 artistas. As mostras acompañanse de talleres de fotografía, visionados de portfolios, encontros, programas educativos, visitas guiadas, proxeccións e accións na rúa. En OpenPhoto Cuenca prodúcese un achegamento ás propostas fotográficas dos intitutos e embaixadas culturais dunha decena de países.

Participan creadores de 41 paí-

ses e lanza propostas internacionais como Trasatlántica, con conexións en São Paulo e Cidade de Guatemala.

A formación canalízase no Campus PHE con talleres ao longo de todo o ano e os de grandes mestres, que congregará aos alumnos condge, Pieter Miles Aldri Hugo, Adriana Lestido e Lise Sarfati entre o 30 de xuño e o 3 de xullo en Alcalá de Henares.

